

Ao abeiro competencial do artigo 27.19 do Estatuto de Autonomía para Galicia, e mediante o Decreto 308/1989 criouse o Centro Galego de Arte Contemporáneo co fin de fomentar a cultura en Galicia mediante a exhibición, disfrute e coñecemento das tendencias e correntes de creación artística contemporánea.

A posta en funcionamento do centro requeriu dunha estrutura orgánica e dunha regulamentación que se definiu no Decreto 286/1994, de 30 de setembro. Sen embargo, a evolución das tendencias na promoción da creación e na difusión para o desenvolvemento da cultura, así como a experiencia atinxida nestes últimos anos de actividade, fan aconsellábel acometer unha reestructuración orgánica que posibilite ao mesmo tempo atinxir con maior eficacia os fins para os que foi creado.

Así mesmo a configuración do Centro Galego de Arte Contemporáneo como unha institución de carácter permanente, aberta ao público, orientada á promoción e desenvolvemento cultural da comunidade en xeral, fai conveniente a integración do mesmo na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural co fin de conseguir unha maior eficiencia na súa xestión.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura Comunicación Social, co informe previo das Consellerías da Presidencia e Administración Pública e de Economía e Facenda, en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, reformado pola Lei 11/1988, de 22 de febreiro, e previa deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa xuntanza do día vintésés de xullo de mil novecentos noventa e seis, dispoño:

#### **Artigo 1.** Natureza, rexime xurídico e sé.

1. O Centro Galego de Arte Contemporánea, institución integrada na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Comunicación Social, configúrase como un centro de promoción da creación e difusión para o desenvolvemento da cultura no ámbito das distintas manifestacións artísticas.
2. Rexerase por este Decreto e, supletoriamente, polas normas aplicábeis aos museos da Xunta de Galicia.
3. A súa sé fica establecida na cidade de Santiago de Compostela, no actual edificio do Centro Galego de Arte Contemporánea.

#### **Artigo 2.** Obxectivos e funcións.

Corresponden ao Centro Galego de Arte Contemporánea os seguintes obxectivos e funcións:

1. Promover o coñecemento e o acceso do público á arte contemporánea nas súas diversas manifestacións e favorecer a comunicación social das artes plásticas.
2. Garantir a protección, conservación e restauración, e promover o enriquecemento e mellora dos bens móbeis e inmóbeis de valor histórico que o integran.
3. Exibir ordenadamente as coleccións en condicións adecuadas para a súa contemplación e estudo.
4. Desenvolver programas de exposicións temporais de arte contemporánea.
5. Fomentar o acceso ás coleccións de visitantes españois e estranxeiros, e facilitar o seu estudo aos investigadores, sen prexuízo das restricións que, por razón da conservación dos bens custodiados, poden establecerse.
6. Configurar un fondo bibliográfico e documental vinculábel ao seu ámbito de acción.
7. Impulsar o coñecemento, difusión e comunicación das obras e identidade cultural do patrimonio artístico do Centro e desenvolver actividades didácticas respecto dos seus contidos.
8. Prestar os servizos de asesoramento, información, estudo ou ditame de carácter científico ou técnico que lle sexan requeridos polos órganos competentes da Administración autonómica, ou que se deriven dos contratos outorgados con entidades públicas ou privadas, ou con persoas físicas, nas condicións e requerimentos que se determinen.

9. Contribuír á formación e aperfeizoamento de persoal especializado en arte contemporánea, museoloxía e museografía, tanto para atender as propias necesidades e servizos do centro como para satisfacer as demandas doutros sectores.
10. Desenvolver programas de investigación e elaborar e publicar catálogos e monografías.
11. Establecer relacións de cooperación e colaboración con museos, universidades, centros de investigación ou institucións culturais nacionais ou estranxeiras para favorecer o troco de experiencias e coñecementos.
12. Desenvolver accións conxuntas coas entidades citadas na alínea anterior que podan contribuír á mellor realización dos seus respectivos fins e redundar nunha sólida implantación social do Centro Galego de Artes Contemporánea.

### **Artigo 3.** Colección.

A colección do centro, sen prexuízo da súa concreta situación, integrarase:

1. Polos fondos actuais da Xunta de Galicia.
2. Polos que no futuro adquira a propia Xunta de Galicia, por proposta do Centro Galego de Arte Contemporánea.
3. Polos procedentes de depósitos e doazóns que no seu favor se produzan.
4. A colección terá unha estruturación dual na que a colección de arte galega permanecerá en diálogo constante cos fondos de arte nacional e internacional.

### **Artigo 4.** Órgaos reitores.

Son órgaos reitores do Centro Galego de Arte Contemporánea:

1. O padroado.
2. A dirección do centro.
3. A xerencia.

### **Artigo 5.** O padroado.

1. O Padroado é o órgano reitor Colexiado do Centro Galego de Arte Contemporánea.
2. O Padroado, constituído baixo a presidencia de honra do Presidente da Xunta de Galicia, está integrado polos seguintes membros:
  - a) Vocais natos:
    1. Secretario xeral da Consellería de Cultura e Comunicación Social.
    2. Presidente do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais.
    3. Director xeral de Promoción Cultural.
    4. Director xeral de Patrimonio Cultural.
    5. Director do Centro Galego de Arte Contemporáneo.
    6. Xerente do Centro Galego de Arte Contemporáneo.
    7. O presidente da Asociación de Amigos do Centro Galego de Arte Contemporáneo.
  - b) Vocais por designación:

Un mínimo de oito e un máximo de catorce vocais designados e cesados polo conselleiro de Cultura e Comunicación Social entre as persoas de recoñecido prestíxio ou competencia en asuntos relacionados coa cultura e as artes plásticas ou que se distinguiran polos seus servizos ou axudas ao Centro Galego de Arte Contemporánea.
  - c) O cargo de membro do padroado non estará remunerado.
3. O Padroado ten un presidente e un vicepresidente, cuxo nomeamento e cese lle corresponderá ao Consello da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro de Cultura e Comunicación Social.
  - a) Corresponde ao presidente a representación do Padroado e a convocatoria e presidencia das súas xuntanzas, salvo cando asista o conselleiro de Cultura e Comunicación Social, e presidir a Comisión Permanente do Padroado.
  - b) O presidente será substituído no exercicio das súas funcións polo vicepresidente e, en ausencia de éste, polo membro do Padroado de maior hierarquía antigüidade e idade, por esta Orde, de entre os seus compoñentes.
  - c) Exercerá como secretario o xerente do Centro Galego de Arte Contemporánea.
4. O Padroado actúa en pleno e en comisión permanente.
  - a) Integran o Pleno a totalidade dos vocais natos e designados.
  - b) A comisión permanente está composta polo presidente e vicepresidente do Padroado, o secretario xeral da Consellería de Cultura e Comunicación Social, o director xeral de Patrimonio Cultural, o

director do centro, o xerente do centro que actuará como secretario da citada comisión e entre dous e catro vocais do Padroado, escollidos polo pleno.

- c) As sesións do pleno e da comisión permanente son ordinarias e extraordinarias. As sesións ordinarias do pleno celebraránse, alomenos, cada tres meses e as da comisión permanente cada trinta días. As sesións extraordinarias celebraránse, previa convocatoria do presidente do Padroado, por propia iniciativa, ou por solicitude motivada da terceira parte dos seus vocais.

#### **Artigo 6.** Competencias do Padroado.

1. Corresponde ao pleno:
  - 1) Definir as directrices xerais de actuación do Centro e promover o cumprimento das funcións que lle estexan asignadas.
  - 2) Elaborar o plano de obxectivos e elevalo ao conselleiro de Cultura e Comunicación Social para a súa aprobación e aprobar, en desenvolvemento do anterior, o plano xeral de actuación así como a memoria de actividades.
  - 3) Aprobar as estimacións presupostarias correspondentes ao Centro Galego de Arte Contemporánea, previamente elaboradas polo Dirección e xerencia do Centro, aos efectos previstos no artigo 51 da Lei 11/1992, de 7 de outubro, de rexime financeiro e presupostario de Galicia.
  - 4) Aprobar, por proposta conxunta do Dirección e da xerencia do centro, os proxectos de normas sobre o rexime de funcionamento interno do centro ou, no seu caso, elevalas á Consellería de Cultura e Comunicación Social para a súa aprobación, así como informar as disposicións de carácter xeral que decidan dital os órgaos competentes da Xunta de Galicia que afecten ao centro.
  - 5) Fomentar e impulsar a participación da sociedade no enriquecemento das coleccións do centro e no sostimento do mesmo.
  - 6) Elevar ao conselleiro de Cultura e Comunicación Social as propostas de adquisición a título oneroso de obras de arte para o centro, nos termos establecidos pola Lei 3/1985, de 12 de abril, de patrimonio da Comunidade Autónoma galega.
  - 7) Solicitar da Consellería de Cultura e Comunicación Social a súa autorización para o outorgamento en depósito de obras de arte pertencentes ao centro por período superior a cinco anos e para aceptar depósitos de obras no centro polo mesmo período, nos termos establecidos pola Lei 3/1985, de 12 de abril, de patrimonio da Comunidade Autónoma galega.
  - 8) Aprobar, no seu caso, as modificacións na agrupación e ordenación da coleccións existentes no centro.
  - 9) Autorizar os tratamentos de carácter extraordinario ou de especial importancia para a conservación ou restauración das obras de arte do centro.
  - 10) Solicitar a adscripción de bens imóbeis para o Centro e informar, previamente á súa aprobación, os proxectos de obras ou actuacións sobre os mesmos.
  - 11) Aprobar o programa anual de exposicións e as súas modificacións se as houber.
  - 12) Emitir informe sobre os requirimentos exixíbeis na convocatoria para a cobertura dos postos de traballo de carácter científico e técnico do centro.
  - 13) Designar individualmente a membros do pleno para o desempeño de actuacións ou cometidos especiais.
  - 14) Requerir, a través do Dirección e da xerencia do centro, a remisión de cantos dados, antecedentes, informes e estudos considere de utilidade para o cumprimento das súas funcións.
2. Corresponde á comisión permanente:
  - 1) Estudar, deliberar e informar as propostas da Dirección e xerencia do centro que deban someterse á aprobación do Pleno do Padroado.
  - 2) Cuidar do cumprimento, desenvolvemento e execución dos acordos adoptados polo Padroado.
  - 3) Aprobar, por proposta da Dirección do centro, as modificacións do programa anual de exposicións e actividades, se as houber, que non supoñan aumento presupostario.
  - 4) Propor a contratación das obras, dos suministros, das asistencias e consultorías e dos servizos relativos ao Centro.
  - 5) Aprobar os programas de desenvolvemento e a perfeizoamento profesional.
  - 6) O control e seguimento do plano anual de exposicións así como do orzamento do centro.
  - 7) Delegar no director ou no xerente do centro, con amañao aos seus respectivos ámbitos de competencias, a sinatura dos actos e resolucións que aquela realice no exercicio das súas facultades.
  - 8) Asumir cantas outras funcións lle sexan encomendadas polo Pleno do Padroado.
  - 9) Dar conta ao Pleno do Padroado dos acordos adoptados no exercicio das súas facultades.

#### **Artigo 7.** A Dirección do centro.

A Dirección do centro dependerá orgánicamente da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e, funcionalmente, do Padroado do centro.

A Dirección, que se poderá prover por persoal funcionario con rango de subdirector xeral ou en rexime de contratación temporal e sen prexuízo da súa renovación, de conformidade co Real Decreto 1382/1985, do 1 de novembro, lle corresponden as seguintes funcións:

1. A Dirección do centro e do persoal do mesmo no ámbito das súas funcións.
2. A representación ordinaria do centro.
3. A Dirección, coordinación e planificación da actividade dos departamentos e servizos ao seu cargo.
4. A proposta ao Padroado dos planos xerais de actuación do centro.
5. A proposta ao Padroado da memoria anual de actividades do centro.
6. Adoptar as medidas necesarias para que a protección dos fondos artísticos do centro fiquen garantidos e aprobar os tratamentos para a conservación ou restauración de obras de arte.
7. Someter á aprobación do Padroado a ordenación das coleccións, preferir adquisicións de obras de arte e dispor as que deban ser exhibidas con carácter permanente.
8. Elevar ao Padroado para a súa aprobación o programa anual de exposicións do centro, así como a proposta de designación de comisarios que, baixo a súa supervisión, xestionen a súa realización e instalación e profiran as obras que deban ser exhibidas.
9. Elevar ao Padroado para a súa aprobación o plano anual de publicacións do centro, así como o de adquisicións para a biblioteca.
10. Impulsar os acordos de cooperación e colaboración con outros centros e institucións afíns, e a organización de actividades educativas e científicas tanto nacionais como internacionais.
11. Presentar á comisión permanente do Padroado as necesidades do centro en relación á contratación administrativa.
12. Propor á comisión permanente os programas de desenvolvemento e aperfeiçoamento profesional.
13. Articular e impulsar a elaboración de programas de investigación e prever as medidas adecuadas para o aproveitamento e difusión dos resultados.
14. Asumir, de conformidade coa comisión permanente, cantas outras funcións non estexan encomendadas neste artigo á Dirección do centro.

#### **Artigo 8.** O xerente do centro.

O xerente do centro dependerá, orgánicamente, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e, funcionalmente, do Padroado do centro. Á xerencia, que se integrará por persoal funcionario con rango de xefe de servizo, lle corresponden as seguintes funcións:

1. Impulsar, artellar e coordinar a execución do orzamento e a xestión económico-administrativa e de persoal do centro, en aplicación da lexislación vixente e con amaño aos planos xerais do Centro e das instrucións e directrices emanadas da Comisión Permanente do Padroado.
2. Xestionar, supervisar e controlar a execución da contratación que afecte ao centro, informando á Comisión Permanente do Padroado.
3. Informar dos planos xerais de actuación do Centro que elabore o director con anterioridade ao seu sometimento ao Pleno do Padroado.
4. Asistir e asesorar ao Padroado e á Dirección do centro en asuntos de carácter económico e financeiro e en materia de persoal, manténdoo permanentemente informados acerca de a xestión económico-administrativa e de persoal do centro.

#### **Artigo 9.** Outros medios persoais.

O centro contará co persoal necesario para o desempeño das funcións enumeradas nos artigos precedentes, dentro das posibilidades presupostarias vixentes en cada momento.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Unica. Modifícase o Decreto 256/1996, de 20 de xuño, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Comunicación Social, en todo o que resulte afectado polo presente Decreto.

#### DISPOSICIÓN FINAIS.

Primeira. Fica facultado o conselleiro de Cultura e Comunicación Social para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento, execución e cumprimento deste Decreto.

Segunda. O presente Decreto entrará en vigor ao día seguinte á da súa publicación no «Diario Oficial de Galicia».

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Fica derrogado o Decreto 286/1994, de 30 de setembro, polo que se regula o Centro Galego de Arte Contemporánea.